# VESTIRSE, O ESPELLO DAS ÉPOCAS

## HIBRIDACIÓNS E INTERSECCIÓNS DO SISTEMA DA MODA NA ERA DA ESTETIZACIÓN

## CURSO DE MODA



CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

7, 8, 21 e 22 de marzo de 2023

HORARIO: 19:00-20:30 h

DIRECCIÓN: Román Padín

Este curso propón revisitar os acontecementos e personaxes esenciais que operaron, desde os primeiros vinte anos do século XX ata os primeiros vinte do século XXI, como centros de opinión para a construción das tendencias de moda e estilo de vida desde a modernidade das vangardas ata a contemporaneidade cultural hip-hop.

Tomando as radicais ideas das vangardas como referente de partida e interpretando a heteroxénea cultura global do hip-hop como paradigmático ámbito final de numerosas manifestacións culturais tras o cambio de milenio, atopamos nese espazo temporal de pouco máis de cen anos unha nutrida sucesión de estilos socioculturais, movementos artísticos e modas que a ritmo sincopado, lento ou frenético conforman e condicionan o noso modo de vida.

Os contextos sociais e políticos que impulsaron os creadores reflíctense na autoría de obras de arte, deseños e vestimentas. Ese enorme século abarca desde os poemas teatralizados de Edith Sitwell en *Façade* ata os concertos de rock e pop en Coachella; desde os vestidos orientalistas de Mariano Fortuny ata os deseños que hackean as creacións asinadas por outros de Virgil Abloh en Off-White ou Louis Vuitton; desde os cadáveres exquisitos vangardistas ata o metaverso tecnolóxico.

Todas esas manifestacións culturais son as pedras angulares que reforzan condutas, acompañan movementos sociais, apoian cuestións políticas, explican os movementos antropolóxicos e orientan a deriva da identidade e a aparencia. Faremos fincapé na evolución das técnicas industriais, a ciencia ou as tendencias socioculturais e a súa relación coa cultura e os movementos artísticos. Desde os orientalismos intelectualizados, o cubismo e as vangardas do inicio do século XX, ata as siluetas heteroxéneas do mundo do capitalismo estético e a moda intercultural do século XXI creada baixo o signo integrador do traballo en equipo, as conexións en liña, as culturas musicais e a preeminencia dos posicionamentos teóricos.

PROGRAMA

7 marzo *De modas tubulares e outras xeometrías*

8 marzo *Entre economías, soños e liberdades*

21 marzo *Vestidos como estrelas pop-rock, novos paradigmas da moda*

22 marzo *O poder político da moda, de hackeos para facer un mundo mellor*

Este curso propone revisitar los acontecimientos y personajes esenciales que han operado, desde los primeros veinte años del siglo XX hasta los primeros veinte del siglo XXI, como centros de opinión para la construcción de las tendencias de moda y estilo de vida desde la modernidad de las vanguardias hasta la contemporaneidad cultural hiphop.

Tomando las radicales ideas de las vanguardias como referente de partida e interpretando la heterogénea cultura global del hiphop como paradigmático ámbito final de numerosas manifestaciones culturales tras el cambio de milenio, encontramos en ese espacio temporal de poco más de cien años una nutrida sucesión de estilos socioculturales, movimientos artísticos y modas que a ritmo sincopado, lento o frenético conforman y condicionan nuestro modo de vida.

Los contextos sociales y políticos que impulsaron a los creadores se reflejan en la autoría de obras de arte, diseños y vestimentas. Ese enorme siglo abarca desde los poemas teatralizados de Edith Sitwell en *Façade* hasta los conciertos de *rock* y pop en Coachella; desde los vestidos orientalistas de Mariano Fortuny hasta los diseños que hackean las creaciones firmadas por otros de Virgil Abloh en Off-White o Louis Vuitton; desde los cadáveres exquisitos vanguardistas hasta el metaverso tecnológico.

Todas esas manifestaciones culturales son las piedras angulares que refuerzan conductas, acompañan movimientos sociales, respaldan cuestiones políticas, explican los movimientos antropológicos y orientan la deriva de la identidad y la apariencia. Haremos hincapié en la evolución de las técnicas industriales, la ciencia o las tendencias socioculturales y su relación con la cultura y los movimientos artísticos. Desde los orientalismos intelectualizados, el cubismo y las vanguardias del inicio del siglo XX, hasta las siluetas heterogéneas del mundo del capitalismo estético y la moda intercultural del siglo XXI creada bajo el signo integrador del trabajo en equipo, las conexiones en línea, las culturas musicales y la preeminencia de los posicionamientos teóricos.

PROGRAMA

7 marzo *De modas tubulares y otras geometrías*

8 marzo *Entre economías, sueños y libertades*

21 marzo *Vestidos como estrellas pop-rock, nuevos paradigmas de la moda*

22 marzo *El poder político de la moda, de hackeos para hacer un mundo mejor*

METODOLOXÍA

Formulamos unha proposta estruturalmente académica para entender o porqué da importancia absoluta da moda no século XXI e propiciamos unha lectura intertextual da arte, a sociedade, a política e o hedonismo.

ROMÁN PADÍN OTERO (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1966) é autor, creador, conferenciante e docente. Doutor en Arte Contemporánea pola Universidade de Vigo, está especializado en moda, museos, téxtil e tendencias. Durante unha década impartiu a materia de "Análise de tendencias de moda" na Escola Superior de Deseño e Moda (Esdemga) da Universidade de Vigo. Actualmente imparte materias do módulo "Liñas de investigación" no Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda desa mesma universidade.

PERSOAS DESTINATARIAS: Estudantes de moda, arte, deseño, economía e calquera persoa interesada no tema.

INSCRICIÓN: o prazo de inscrición estará aberto desde o 18 de xaneiro ata o 27 de febreiro de 2023. As persoas interesadas poden enviar un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. Nel deberán indicar o seu nome completo, DNI, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo electrónico e un teléfono de contacto. Unha vez aceptada a solicitude, informarase as persoas rexistradas sobre como realizar o pago.

PRAZAS: 150

MATRÍCULA: 30 €

COORDINACIÓN: Virginia Villar

METODOLOGÍA

Planteamos una propuesta estructuralmente académica para entender el porqué de la importancia absoluta de la moda en el siglo XXI propiciando una lectura intertextual del arte, la sociedad, la política y el hedonismo.

ROMÁN PADÍN OTERO (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1966) es autor, creador, conferenciante y docente. Doctor en Arte Contemporáneo por la Universidad de Vigo, está especializado en moda, museos, textil y tendencias. Durante una década impartió la asignatura de "Análisis de tendencias de moda" en la Escuela Superior de Diseño y Moda (Esdemga) de la Universidad de Vigo. Actualmente imparte materias del módulo "Líneas de investigación" en el Máster en Diseño y Dirección Creativa en Moda de esa misma universidad.

PERSONAS DESTINATARIAS: Estudiantes de moda, arte, diseño, economía y cualquier persona interesada en el tema.

INSCRIPCIÓN: El plazo de inscripción estará abierto desde el 18 de enero hasta el 27 de de febrero de 2023. Las personas interesadas pueden enviar un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. En él deberán indicar su nombre completo, DNI, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Una vez aceptada la solicitud, se informará a las personas inscritas sobre cómo realizar el pago.

PLAZAS: 150

MATRÍCULA: 30 €

COORDINACIÓN: Virginia Villar

CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/23
cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal